

PAA Plano de Apoio á Aprendizaxe



MEMORIA 2008-2009

PAA Plano de Apoio á Aprendizaxe

O *Plano de Apoio á Aprendizaxe* (PAA), ten como obxectivo dotar ao alumnado de recursos e habilidades para facer fronte ao proceso de aprendizaxe dun xeito máis doado e facilitar a súa integración no Espazo Europeo de Educación Superior, punto moi importante na actualidade para a comunidade universitaria de A Coruña. Este Plano está recollido dentro do Plano Director Docente 2008/09 no que se avalía o proceso de ensino e aprendizaxe e no que o alumnado xoga un papel crucial.

Dispóñense dunha serie de criterios para regular o correcto desenvolvemento do mesmo, entre os que destacan:

1. **Difusión:** A difusión do *Plano de Apoio á Aprendizaxe* faise por dupla vía: impresa e a través da web do CUFIE (www.udc.es/cufie). Hai que ter en conta que a información impresa podería estar suxeita a modificacións por necesidade de cambios ou de actualización, do que se daría conta na web.
2. **Datas de realización:** Os cursos terán lugar entre novembro de 2008 e maio de 2009, nas datas indicadas no programa de cada un dos cursos.
3. **Lugar de realización:** Os cursos realizaranse nos aularios do CUFIE no Campus da Elviña. Os alumnos que pertencen aos centros do Campus de Ferrol, poderán solicitar o pagamento dos gastos de desprazamento para a realización do curso.
4. **Destinatarios:** Alumnado da Universidade da Coruña.
5. **Preinscrición:** A preinscrición realizarase a través de formulario electrónico na web do CUFIE, dentro dos prazos establecidos, sinalados no mesmo.
6. **Confirmación de admisión:** A preinscrición non implica estar matriculado no curso por mor do límite de prazos. A confirmación da admisión en cada curso comunicarase por correo electrónico ao enderezo que facilitará a persoa interesada no formulario de preinscrición. Posteriormente expóranse as listaxes na web do CUFIE.
7. **Anulación de inscrición:** Solicítase a toda aquela persoa que non puiden asistir ao curso en que sexa admitida, que o comunique o antes posible ao CUFIE, para podermos avisar outra persoa interesada da lista de espera. O prazo de notificación da renuncia ao curso é de 3 días lectivos antes do inicio do curso e terá que ser enviada, por correo electrónico a dirección ufa@udc.es. Debido a grande demanda dos cursos, cunhas listas de agarda longas, a persoa que non asista a un curso ou non notifique a súa falla nos prazos establecidos, perderá a posibilidade de realizar outro curso nesta convocatoria 2008-2009.
8. **Criterios de asignación de prazos:** No caso de que houberse máis solicitudes que prazos, estas adxudicaranse atendendo os seguintes criterios de selección:
 - a. Alumnado que participara na avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe que conduce a elaboración do Plano Director Docente.

PAA.- PLANO DE APOIO Á APRENDIZAXE

- b. Alumnado que na presente convocatoria do Plano de Apoio á Aprendizaxe 2008-2009 non participara xa nalgún dos cursos convocados.
 - c. Alumnado que teña realizado un menor número de cursos do Plano de Apoio á Aprendizaxe nas convocatorias anteriores.
 - d. Alumnado que no presente mes non estea convocado para outro curso.
 - e. Orde de recepción de solicitudes.
9. **Certificación dos cursos:** A participación de proveito en cada curso implica a emisión dun certificado expedido pola Universidade da Coruña, asinado pola Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías e a Directora do CUFIE. Os certificados deberán recollerse, despois da súa confirmación, no negociado do CUFIE. Para que a participación sexa considerada de proveito terase a obriga de asistir un mínimo do 85% do mesmo.
10. **Crédito de Libre Elección:** Tense concedido 1 crédito de libre elección para cada un dos cursos. Os alumnos que desexen obter o recoñecemento de créditos deberán solicitalo na Administración do seu centro, para o que presentarán o orixinal e unha fotocopia do diploma de asistencia que será cotexado polo administrador do centro.

Este ano, ofertáronse 14 cursos dentro do PAA, nos que se admitían 30 alumnos/as por curso, sumando un total de 420 prazas e que suman 140 horas de formación, xa que a duración por curso é de 10 horas lectivas. Esta formación abarca campos como o uso das novas tecnoloxías, técnicas de relaxación ou habilidades de traballo en grupo, moi útiles para o futuro profesional do alumnado graduados nesta universidade e están enmarcados entre tres programas de actuación diferentes: *competencias interpersoais, actitude cara o estudo e destrezas metodolóxicas e cognoscitivas*.

Dentro de esta oferta, inscribíronse 502 alumnos/as para a realización de un ou varios dos cursos ofertados, de modo que se recibiron un total de 1879 solicitudes para cursos diferentes. A procedencia dos alumnos é moi diversa, como se pode apreciar na táboa 1, aínda que a maior parte deles proveñen do Campus de Elviña. Hai que ter en conta que os datos facilitados proveñen das enquisas de avaliación pasadas ao rematar os diferentes cursos e que non todo o alumnado as cubriu.

Centro	Nº	Porcentaxe
E.T.S. de Arquitectura	13	4,8
E.T.S. de Enx. de Camiños	15	5,5
E.T.S. de Náutica e Máquinas	4	1,5
E.U. Relacións Laborais	3	1,1
E.U. Enfermería e Podoloxía	4	1,5
Fac. de CC da Comunicación	4	1,5
E.U. de Estudos Empresariais	10	3,7
E.U. de Turismo	8	3
E.U. Politécnica	2	0,7
Esc. Politécnica Superior	1	0,4

PAA.- PLANO DE APOIO Á APRENDIZAXE

Fac de CC da Educación	65	24
Fac de CC da Saúde	3	1,1
Fac de CC Económicas e Empresariais	25	9,2
Fac de Ciencias	26	9,6
Fac de Dereito	2	0,7
Fac de Filloxía	17	6,3
Fac de Humanidades	1	0,4
Fac de Informática	56	20,7
Fac de Socioloxía	5	1,8
INEF	7	2,6
Total	271	100

Táboa 1

En xeral, a participación maioritaria é de alumnos de primeiro ciclo (ver gráfico 1), aínda que está bastante equiparada coa de segundo ciclo. A subida está nos estudantes de terceiro ciclo, que este ano participaron máis.





Gráfico 1

A continuación preséntanse os datos de tódolos cursos, tanto a ficha técnica como os datos de matrícula e baixas en cada un deles, seguidos dos resultados xerais da avaliación que se fixo ao remate dos mesmos.

“TÉCNICAS DE TRABALLO E ESTUDO NA UNIVERSIDADE”


Profesor	Sonia Seijas Ramos (Universidade da Coruña)
Código	08/PAA/048
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	18 de novembro de 2008 (de 16:00 a 19:00 h.) 19 de novembro de 2008 (de 16:00 a 19:00 h.) 20 de novembro de 2008 (de 16:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> + Dotar aos/ás alumnos/as dos coñecementos necesarios para optimizaren o seu método de estudo e aprenderen a preparar mellor o seu calendario de traballo. + Aprender a desenvolver as diferentes capacidades relacionadas cos procesos de estudo, como poden ser a memoria, a atención e percepción, así como a capacidade lecto-escritora. + Mellorar a capacidade de comprensión lectora, así como os procesos básicos de lectura e recuperación da información. + Aprender a organizar o tempo de estudo para rentabilizar ao máximo o esforzo empregado durante o estudo.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> + A interacción e a actitude para o estudo. Deseño dun plano de traballo propio, asimilación ao ritmo de traballo persoal. Estar en forma física e mentalmente. Os recursos necesarios para o estudo. + A atención, a percepción e a memoria. Mecanismos principais do estudo e como desenvolvelos. + A toma de apuntes. O primeiro paso cara ao estudo. Saber escoitar. + Achegamento ao texto. A importancia do contexto. A lectura como instrumento base do estudo. Desenvolvemento de capacidades lectoras. + Análise da información. As técnicas de subliñado. As ideas básicas. Tipos de estruturas e como recoñecelas. + O resumo e o esquema. Principios básicos. Como ordenar os datos. Os diferentes tipos de estudo segundo o exame que se deba superar e as materias estudadas. + O último paso. O período de exames. O repaso previo. A realización de exames.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> + Empregaranse materiais teóricos e prácticos, así como diferentes prácticas dentro de cada área. Analizaranse casos dentro da práctica usual da universidade, así como métodos adaptados a este tipo de estudantes.

PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE




“INTERNE COMO APOIO PARA A FORMACIÓN ACADÉMICA E RECURSOS MULTIMEDIA”

Profesor	José María Aguilera Carrasco (Centro de Formación e Recursos da Coruña)
Código	08/PAA/049
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	2 de decembro de 2008 (de 16:00 a 19:00 h.) 3 de decembro de 2008 (de 16:00 a 19:00 h.) 4 de decembro de 2008 (de 16:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio de Servizos Centrais de Investigación Aula 3 – Andar -4 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Familiarizarse cos servizos que ofrece Internet como ferramenta de apoio didáctico. ✚ Empregar Internet como base para a docencia, a investigación, o apoio e a xestión da aula e aplicar distintas estratexias para obter a información necesaria
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Uso e configuración de navegadores, correo electrónico e servizos máis usuais. ✚ Emprego dos motores de procura e prácticas a distintos niveis. ✚ Hiperligazóns, gráficos, debuxos e imaxes. ✚ Como obter información e recursos. O emprego de distintos tipos de arquivos, en especial os comprimidos. ✚ Seguridade na rede.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ As sesións desenvolveranse de forma práctica en computadores conectados á rede. ✚ Seguirase un plano de traballo que, a partir de instrucións xerais, combine o traballo individual con pequenos grupos e con postas en común.




“GUÍA DE COÑECEMENTO DOS SERVIZOS DA UDC PARA O ALUMNADO”

Profesor	Jesús Miguel Muñoz Cantero (Universidade da Coruña)
Código	08/PAA/050
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	16 de decembro de 2008 (de 16:00 a 19:00 h.) 17 de decembro de 2008 (de 16:00 a 19:00 h.) 18 de decembro de 2008 (de 16:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio de Servizos Centrais de Investigación Aula 3 – Andar -4 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Obter unha visión global da política de avaliación da UDC. ✚ Coñecer as ferramentas empregadas na avaliación da calidade universitaria. ✚ Coñecer aqueles servizos maioritariamente empregados polo alumnado e a forma de participación na súa mellora.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Avaliación da calidade institucional na UDC. ✚ Ferramentas para a seguranza da calidade na UDC. ✚ O alumnado como usuario dos servizos da UDC.
Metodoloxía	✚ Presentación con powerpoint e visita a servizos universitarios.



“TÉCNICAS DE EXPRESIÓN ORAL PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS”


Profesor	Vanesa Argul Méndez
Código	09/PAA/051
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	12 de xaneiro de 2009 (de 16:00 a 19:00 h.) 13 de xaneiro de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 14 de xaneiro de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Aprender as principais normas e técnicas de expresión oral, con fin de ser capaces de expresaren os/as estudantes mensaxes orais sen dificultade, con precisión e soltura de cara á presentación de traballos, exames orais, proxectos de fin de carreira ou conferencias.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Tipos de intervencións en público. ✚ Obxectivos para falar en público. ✚ Estratexias para acadar os obxectivos. ✚ Factores que afectan a credibilidade. ✚ Medo a falar en público. Como manexar os pensamentos negativos. ✚ Exposición.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ As exposicións teóricas complementaranse con actividades e técnicas dinámicas, grupais e participativas coa finalidade de pór en práctica o aprendido.



“TÉCNICAS DE RELAXACIÓN E SAÚDE”

Profesor	Juan Carlos Fernández Méndez (Universidade da Coruña) José Andrés Pérez Vidal
Código	09/PAA/052
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	20 de xaneiro de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 21 de xaneiro de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 22 de xaneiro de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Precisar a repercusión da tensión e a ansiedade verbo do noso estado de saúde, facendo referencia aos modos de relaxación actualmente dispoñibles para lles facer fronte. ✚ Coñecer as principais conclusións das investigacións sobre os efectos diferenciais das diversas técnicas de relaxación, tanto na súa aplicación aos trastornos psicolóxicos coma aos psicofisiolóxicos, salientando os aspectos máis importantes nesta área. ✚ Ensinar diferentes técnicas de relaxación, desde un punto de vista científico e integral, incidindo de xeito especial no modo cognitivo-conductual ABC de Jonathan Smith. ✚ Describir e practicar versións abreviadas dos principais métodos de relaxación. ✚ Analizar os diferentes efectos subxectivos das distintas estratexias de relaxación.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Introducción. ✚ Tensión, ansiedade e relaxación. ✚ Concepto de relaxación (Historia e desenvolvemento das técnicas de relaxación. Relaxación e terapia de conduta. Modos fundamentais de relaxación. Modo de redución de activación fisiolóxica de Benson. Modo da especificidade somático-cognitivo de Davidson e Schwartz.. Modo cognitivo-condutual). ✚ Método de relaxación ABC de Jonathan Smith (Estados de relaxación. Xerarquización das técnicas de relaxación. Habilidades cognitivas básicas. Enfoque. Pasividade. Receptividade. Proceso de reestruturación cognitiva. Crenzas. Valores. Compromisos). ✚ Teoría e práctica das principais técnicas de relaxación (Relaxación muscular progresiva. Adestramento autóxeno. Respiración. Estiramientos de loga. Visualización. Meditación). ✚ Algúns guións de relaxación. Adestramento abreviado en relaxación (Teoría. Adestramento abreviado).
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Ao longo do seminario traballarase con diferentes métodos de relaxación empregados hoxe en día dentro do campo da psicoloxía, que permitirán obter uns fundamentos básicos aplicables a diferentes situacións cotiás de tensión emocional. ✚ O seminario será eminentemente práctico, participativo e interactivo


PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE



“XESTIÓN EFICAZ DO TEMPO”

Profesor	Norberto Cuartero Requejo (Especialista Universitario en Asesoramento didáctico e Intervención educativa)
Código	09/PAA/053
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	11 marzo 2009: 10:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 12 marzo 2009: 10:00 a 13:30
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Coñecer o grado de eficacia co que se administra o tempo. ✚ Analizar as causas que nos fan perder o tempo. ✚ Aplicar un método de planificación do tempo que priorice e garanta a execución das tarefas e funcións de alto rendemento. ✚ Identificar os factores que distorsionan a planificación e aprender a evitalos. ✚ Instruír sobre unha serie de procedementos para optimizar o uso do tempo que permita cambiar hábitos inadecuados e mellorar a calidade de vida e traballo.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Características do tempo: Concepto de tempo. Fallos que dificultan a xestión do tempo. Leis xerais relativas ao tempo. Perder ou controlar o tempo. Eficiencia, eficacia ou efectividade. ✚ Os ladróns do tempo: Concepto. As interrupcións. O teléfono. Internet. As crises. Deixalo para logo. O estrés. ✚ Os métodos para xestionar o tempo: O lugar de traballo. O arquivo. Ferramentas profesionais. Organización: planificar, programar, priorizar. O plan diario de estudo. Causas da xestión inadecuada do tempo. Xestión do estrés. A relaxación. ✚ Procesamento da información: O proceso de aprendizaxe. Estratexias de aprendizaxe. Adquisición. Codificación. Recuperación. Apoio. Deficiencias de aprendizaxe. ✚ Características persoais: Introducción. Personalidade e conduta. Canais sensoriais. A intelixencia emocional. Autoconciencia. Autorregulación. Automotivación. Necesidades e valores. Comunicación eficaz. Conduta asertiva, non asertiva e agresiva.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Empregarase unha metodoloxía activa e participativa. A aprendizaxe será un proceso de elaboración de resultados persoais mediante a acción e a aplicación. Crearase o ambiente adecuado para que os participantes se sintan cómodos, animándoos a preguntar e a presentar as súas propias ideas. Fomentarase a interacción e a participación a través de actividades e preguntas, proporanse problemas e orientarase a procura de solucións.


PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE



“TRABALLO EN EQUIPO E DINÁMICA DE GRUPOS: A IMPORTANCIA DOS ROLES E AS ACTITUDES”


Profesor	Patricia Pena Monelos (Técnica de Animación. Asociación Euroeume/Licenciada en Filosofía e CC. da Educación/Membro do Equipo de Traballo da Cooperativa CIDADANIA. Rede de Aplicacións Sociais)
Código	09/PAA/054
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	16 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 17 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 18 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Reflexionar sobre as posibilidades que ofrece o traballo en equipo. ✚ Potenciar a dinámica de grupos como algo máis que un conxunto de técnicas. ✚ Presentar a estratexia de cambio de cara a interiorizar actitudes positivas. ✚ Traballar sobre contidos clave sobre o traballo en equipo e dinámicas de grupos.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Grupo: Funcións do grupo - Tipoloxías – Etapas. ✚ Roles e comportamentos no grupo: Clasificación dos roles – Liderado. ✚ Habilidades Sociais: Comunicación - Asertividade - Técnicas básicas de resolución de conflitos. ✚ Traballo en equipo: Características dun grupo de traballo eficaz - Etapas básicas para organizar e desenvolver o traballo en equipo – Xuntanzas - As novas tecnoloxías. ✚ Técnicas de grupo: Tipoloxías das técnicas de grupo.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A metodoloxía que se empregará será unha combinación de exposicións teóricas e pequenas dinámicas de traballo en grupos medianos (6-8 persoas) con postas en común en gran grupo.

PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE



“CUESTIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS DO ALUMNADO NA UNIVERSIDADE”


Profesor	Pedro Serna (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/055
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	24 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 25 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 26 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Aprendizaxe e manexo dos recursos xurídicos e legais a disposición dos alumnos da UDC.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Análise da Normativa da UDC relativa aos alumnos, en particular da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións. ✚ Referencia especial aos dereitos e deberes do alumnado. ✚ Aproximación ao sistema ECTS. Implicacións legais e xurídicas da nova docencia universitaria.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Clases prácticas seguindo o método do caso.



“REDACCIÓN ACADÉMICA: PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN”


Profesor	Carlos Caetano Vizcaino Fernández (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/056
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	31 de marzo de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 1 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 2 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<p>O obxectivo último do curso é os-as alumnos-as se dotaren de estratexias e mecanismos que os capaciten para levar adiante, de maneira autónoma, a planificación, o desenvolvemento e a presentación dun traballo académico.</p> <p>Para alén da adquisición dunha concepción xeral do proceso, abordaranse os seguintes obxectivos parciais.</p> <ul style="list-style-type: none"> + Adquisición de habilidades que faciliten a xestión da información e a planificación dos contidos. + Dominio dos procesos de elaboración do traballo de investigación. + Coñecemento das normas de presentación.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> + Planificación e organización da información. Aproveitamento das novas tecnoloxías. + Establecemento da estrutura do traballo investigador. + Determinación do tema e escolla do modelo. Tipoloxía textual e de linguaxe. + O proceso de redacción de textos académicos. + Citacións e aparato crítico. + Presentación de anexos. + Erros mais frecuentes. + Preparación do material para a súa publicación.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> + Presentaranse os contidos teóricos dos diferentes puntos do programa do curso, achegando material e estratexias que propicien a solvencia e a autonomía do-a investigador-a no proceso de planificación e desenvolvemento de traballos de investigación. Faranse análises e postas en común dalgúns exemplos e salientaranse os erros máis frecuentes que se cometen nestes procesos. As cuestións atinentes <i>stricto sensu</i> ao estilo na redacción non serán directamente contempladas.

PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE



“HABILIDADES SOCIAIS. ADESTRAMENTO E APLICACIÓNS PRÁCTICAS”


Profesor	María del Pilar García de la Torre (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/057
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	14 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 15 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 16 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Saber qué son as habilidades sociais e a súa utilidade práctica. ✚ Coñecer e saber empregar as técnicas de avaliación das habilidades sociais. ✚ Poder realizar un adestramento completo de habilidades sociais en distintos contextos e con distintas poboacións.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Concepto e compoñentes das habilidades sociais. ✚ Técnicas de avaliación das habilidades sociais. ✚ O adestramento das habilidades sociais. ✚ Aplicacións de adestramento en habilidades sociais
Metodoloxía	✚ Clases maxistras, visionado de vídeos, traballo en grupo sobre supostos prácticos.



“INCORPORACIÓN AO MUNDO LABORAL, POR CONTA PROPIA OU ALLEA”

Profesor	Francisco Javier Sanjurjo Silvarredonda e Janet Fernández López (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/058
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	21 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 22 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 23 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Conseguir que o alumnado adquira destrezas e coñecementos aplicables ao acceso ao emprego por conta allea. ✚ Familiarizarse e empregar axeitadamente as ferramentas máis habituais e os Servizos Públicos de Emprego. ✚ Fomentar a cultura emprendedora entre os asistentes, para considerar o traballo por conta propia como unha alternativa profesional.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Definición de obxectivo profesional. ✚ Redacción de curriculum vitae e carta de presentación. ✚ Procura de emprego en internet e prácticas profesionais. ✚ A entrevista de traballo. ✚ Difusión da cultura emprendedora. ✚ Xeración e maduración de ideas empresariais. ✚ Realización dun plano de empresa. ✚ Trámites administrativos para a consecución dunha empresa. Formas xurídicas. Axudas/subvencións e outros tipos de financiamento.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Exposición teórica e traballo en grupos para a realización de prácticas.


PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE



“O USO DE MOODLE NOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS”

Profesor	Angel Fernández Leal (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/059
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	28 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 29 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:00 h.) 30 de abril de 2009 (de 17:00 a 19:30 h.)
Lugar	Edificio de Servizos Centrais de Investigación Aula 3 - Andar -4 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> + Ofrecer os fundamentos para o uso da ferramenta Moodle nos estudos universitarios. + Introducir ao alumno no uso de Moodle.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> + Introducción a Moodle. <ul style="list-style-type: none"> • Introducción. • Navegando por un curso ou espazo de Moodle. • Calendario. • Recursos e actividades en Moodle. • Os foros en Moodle. • O sistema de axuda de Moodle. + Acceso aos recursos e contidos. <ul style="list-style-type: none"> • Formatos. • Glosarios. • Leccións. • Base de datos. + Traballo en actividades. <ul style="list-style-type: none"> • Consultas. • Enquisas. • Tarefas. • Cuestionarios. • Wikis. • Taller.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> + Exposición polo profesor dos principais contidos. Discusión e análise en grupo. + As sesións desenvolveranse de forma práctica en computadores conectados á rede.


PAA.- PLANO DE APOIO Á APRENDIZAXE



“TECNICAS PARA O COIDADO DA VOZ”

Profesor	María Belén Lerma Pazos e Lorena Rilo Pérez (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/060
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	4 maio 2009: 16:00 a 18:30 5 maio 2009: 16:00 a 18:30 6 maio 2009: 16:00 a 18:00 7 maio 2009: 16:00 a 18:30
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 1 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Achegar ao alumnado a problemática e os trastornos da voz. ✚ Toma de conciencia destes trastornos. ✚ Ensinar ós mestres a maneira de se enfrontaren ás patoloxías propias do uso frecuente da voz. ✚ Previr os posibles trastornos derivados. ✚ Corrixir o mal uso ou abuso vocal.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Módulo teórico. <ul style="list-style-type: none"> • A Logopedia como método de intervención nos trastornos da voz. • Anatomía e fisioloxía dos mecanismos implicados na fala e na fonación. • Introducción teórica das patoloxías máis frecuentes da voz: disfonías, outras. • Normas de prevención e hixiene vocal para evitar futuras patoloxías. ✚ Módulo Práctico. <ul style="list-style-type: none"> • Técnicas de relaxación (Introdución teórica das técnicas de relaxación - Tipos de relaxación - Prácticas de relaxación - Achegamento á masaxe). • Técnicas de respiración (Concepto de respiración costodiafragmática-abdominal. - Exercicios prácticos para conseguir o patrón respiratorio correcto). • Técnicas de articulación (Praxias articulatorias). • Impostación vocal e adquisición do rexistro vocal adecuado (Concepto de impostación.- Tipos de voz - Características da voz - Exercicios prácticos). • Prevención e hixiene.
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A metodoloxía utilizada será a de traballar in situ con aquelas persoas que utilizan a voz diariamente como ferramenta de traballo para empregaren a súa voz de maneira eficaz. Da mesma maneira, é importante aprenderen estes profesionais unha serie de normas e técnicas de hixiene vocal que, nalgúns casos, son bastante coñecidas (aínda que non por iso empregadas) e outras totalmente anónimas que lles poden ser de utilidade para manexaren de maneira efectiva a voz, dado que no seu caso é unha das súas principais ferramentas de traballo.


PAA.- PLANO DE APOIO Á APRENDIZAXE




“LIDERAZGO E DIRECCIÓN DE GRUPOS”

Profesor	José M^a Rolón Varela (Universidade da Coruña)
Código	09/PAA/061
Destinatarios	Alumnado da Universidade da Coruña
Duración	10 horas
Datas e horario	12 maio 2009: 16:00 a 19:30 13 maio 2009: 16:00 a 19:30 14 maio 2009: 16:00 a 19:00
Lugar	Edificio Xoana Capdevielle Aula 2 - Andar 1 Campus de Elviña
Modalidade	Presencial
Prazas	30
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Concienciar da importancia dunha boa comunicación co grupo. ✚ Coñecer os estilos de liderazgo e as situacións en que se desenvolve, así como determinar o máis axeitado para cada situación. ✚ Coñecer as principais teorías sobre a motivación e o que aporta cada unha delas á dirección de grupos. ✚ Desenvolver as habilidades precisas para o exercicio das funcións e responsabilidades da dirección de grupos.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ✚ A COMUNICACION NOS GRUPOS DE TRABALLO. <ul style="list-style-type: none"> • O proceso de comunicación. • A práctica da comunicación. • Tipos de comunicación. • Normas básicas de comunicación eficaz. ✚ LIDERAZGO E HABILIDADES DIRECTIVAS. <ul style="list-style-type: none"> • Concepto de liderazgo e dirección. • Teorías sobre o liderazgo (teoría dos rasgos, teorías do comportamento, teorías situacionais). • O liderazgo carismático. ✚ A MOTIVACIÓN NO ENTORNO LABORAL. <ul style="list-style-type: none"> • Concepto de motivación. • Motivación e comportamento laboral. • Teorías da motivación laboral. • Os motivadores da conducta laboral. • As dificultades para levar a teoría á práctica. Algunhas recomendacións para facer posible a motivación laboral,
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ✚ O curso desenvolverase empregando unha metodoloxía participativa. As exposicións teóricas complementarase coa realización de dinámicas de grupo que faciliten ao alumno a comprensión e asimilación dos contidos tratados.

PAA.- PLANO DE APOIO À APRENDIZAXE



Polo tanto, se facemos un cómputo xeral das inscricións e a participación do alumnado nestes cursos, obteríamos, como se pode observar no seguinte gráfico, que se ofertaron 420 prazas e se cursaron 1879 preinscricións para a realización dos cursos. Desas 420 prazas, recibiron certificacións por cursar a totalidade das horas de cada curso 328 estudantes.



Se pasamos agora a analizar a mostra daqueles alumnos que fixeron os cursos e cubriron os cuestionarios de avaliación, atopamos que no referente ao sexo (gráfico 2), pódese apreciar que a porcentaxe de *mulleres* dentro do grupo de participantes é superior á dos *homes*, como ven sendo habitual case todos os anos.




Gráfico 2

A maior parte dos participantes son estudantes de *primeiro* e *segundo* ciclo (gráfico 3), pouco máis do 80%, pero segue habendo unha participación considerable, tendo en conta que a súa porcentaxe dentro da comunidade estudiantil é moi inferior, de estudantes de *terceiro* ciclo.




Gráfico 3

No referente á idade (gráfico 4), a categoría coa porcentaxe máis elevada é a que comprende dos 21 aos 24 anos, con case a metade dos participantes, como é o habitual todos os anos, aínda .




Gráfico 4

Ademais dos datos xerais da mostra, pedíáselles aos alumnos que avaliasen certos aspectos do desenvolvemento dos cursos. Presentamos a información agrupada en tres grandes dimensións (*deseño*, *desenvolvemento* e *resultados* da actividade de formación), dentro das cales aparecen algúns aspectos importantes como duración, materiais, adecuación, etc. Todas as gráficas están representadas en porcentaxes, expresando a que corresponde a cada unha das categorías.

DESEÑO DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

Un dos aspectos que se lle pediu aos participantes que avaliasen dentro dos cursos do Plano de Apoio á Aprendizaxe (PAA), foi o **DESEÑO** que tivo a actividade de formación á que asistiron, tanto no referido á duración, datas e horario no que se realizou, como na adecuación do lugar no que se impartiu e os recursos empregados para levar a cabo a actividade.

No que respecta á **duración dos cursos** (gráfico 5), pódese ver que os alumnos móstranse conformes coa duración deles, sen embargo, cabe sinalar que nas respostas da pregunta aberta, moitos deles sinalaban nalgúns cursos que lles gustaría que durase un pouco máis para poder afondar máis no tema tratado.




Gráfico 5

Por outra banda, en canto ao **horario** (gráfico 6) elixido para a realización dos cursos, parece que existe un acordo xeneralizado en que foi o correcto. As franxas horarias seleccionadas, foron todas de tarde, de xeito que non supuxese unha perda de clases para os alumnos a súa asistencia ás diferentes actividades de formación, sobre todo porque a falta ás sesións do curso era sancionada e non se lles entregaba o diploma acreditativo.




Gráfico 6

O mesmo ocorre cando se lles pregunta sobre as **datas** (gráfico 7) que foron elixidas para a execución dos diferentes cursos. A maioría dos participantes considera que foron as correctas, de feito, intentouse non colocar cursos en datas próximas a exames o finais de cuadrimestres, aínda que resultou complicado dado que este ano os cursos comezaron en novembro.




Gráfico 7

Unha das variables que algúns outros anos constituía un punto feble dentro do deseño deste Plano de Apoio á Aprendizaxe, era o **lugar** de realización das diferentes actividades (gráfico 8). Sen embargo, na mesma liña do ano pasado, este ano foi unha das variables mellor avaliadas, o que reforza a necesidade de manter os aularios correctamente equipados tal e como están agora.




Gráfico 8

No referente aos **recursos** empregados na realización do curso (gráfico 9), case a metade dos participantes (45,4%) expresáronse “moi de acordo” con que os recursos foran os apropiados, de feito non chega ao 5% os que os avalían de xeito negativo.




Gráfico 9

A **valoración xeral** deste apartado (gráfico 10), é moi boa, os porcentaxes das valoracións baixas son apenas existentes, non chegan nin ao 1%, o cal demostra que a organización deste curso académico foi moi boa dentro deste programa.




Gráfico 10

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

No referente ao **DESENVOLVEMENTO** da actividade de formación, unha das primeiras cuestións polas que se preguntaba aos participantes do PAA, tiña que ver co **cumprimento dos obxectivos** que se propuñas ao inicio de cada actividade (gráfico 11). Polo que respecta a iso, máis do 80% dos participantes na avaliación consideraron que a actividade cumprira ditos obxectivos na medida na que foron formulados. Pódese observar tamén a baixa porcentaxe das valoracións negativas neste punto.




Gráfico 11

Algo que desde sempre é fundamental na programación de calquera actividade de formación é se os contidos que se desenvolven no mesmo resultan u non de **interese** para os participantes (gráfico 12). En canto a isto, os participantes na avaliación destes cursos consideraron que os contidos foron de un grande interese, xa que como se pode apreciar no gráfico de máis abaixo, máis do 80% o considera así.




Gráfico 12

Un dos aspectos avaliados de xeito máis positivo dentro do PAA, foi a **claridade** (gráfico 13) das explicacións dos docentes dos diferentes cursos, de feito non chegan nin sequera a un 2% do total os que *non se encontran nada de acordo* ou *pouco de acordo* con dita afirmación. Isto indica que a elección dos poñentes en cada curso para este ano foi a correcta en canto á transmisión dos seus coñecementos.




Gráfico 13

Na mesma liña, cabe destacar que a valoración da **metodoloxía** (gráfico 14) empregada nos diferentes cursos e a súa adecuación a cada tipo de curso, tamén recibiu unha avaliación totalmente positiva, cabe destacar que máis do 50% móstranse “moi de acordo” con esta afirmación.

De feito, no segundo gráfico, aínda que os porcentaxes atópanse máis repartidos, tamén se aprecia que os **materiais** empregados (gráfico 15) nos diferentes cursos, consideráronse apropiados aos mesmos así como de utilidade dentro do campo da formación que se impartiu en cada un dos módulos do PAA.




Gráfico 14




Gráfico 15

En resumo, como se ve no seguinte gráfico, cando se lles pregunta aos participantes se a actividade realizada **respondera ás súas expectativas** (gráfico 16), pódese apreciar que a grande maioría considera que así foi (máis do 80%), o que indica que a programación feita

para este curso estivo á altura do que se esperaba por parte do alumnado da Universidade da Coruña.




Gráfico 16

IMPACTO/RESULTADOS DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

Na mesma liña do ano anterior, un dos aspectos fundamentais deste plano de apoio era mellorar e facilitar dalgún xeito o paso dos alumnos pola Universidade da Coruña, por iso calquera aspecto que consideráramos importante para a mellora do proceso de aprendizaxe foi considerado á hora de planificar os cursos. Desde esta perspectiva, se considerou fundamental avaliar os resultados do plano, así como a imaxe que tiñan deles os participantes das actividades.

Neste aspecto, o primeiro que se pediu aos participantes que avaliasen foi se os cursos **motivaran actitudes positivas cara á súa aprendizaxe** (gráfico 17) e, como se pode apreciar no gráfico, consideran que iso se cumpriu na execución dos cursos. Aínda que as porcentaxes están máis repartidas que nalgúns outros ítems anteriores, este reparto prodúcese dentro das avaliacións positivas, as porcentaxes de avaliacións negativas seguen sendo mínimas (non chegan ao 5%).




Gráfico 17

Se nos referimos á **formación didáctica** (gráfico 18), cando se lles pide aos participantes que valoren se os cursos ampliaron dalgún xeito a súa formación neste aspecto, a maioría deles consideran que así foi, seguindo a liña das cuestións anteriores, non chega ao 7% os que a avalían negativamente.




Gráfico 18

Un dos obxectivos principais dentro da programación do Plano de Apoio foi **proporcionar recursos útiles** aos alumnos para facilitar as tarefas a realizar na universidade, tanto no ámbito do estudo, como no seu desenvolvemento persoal e profesional. Como se pode comprobar no gráfico seguinte (gráfico 19), os participantes consideran que este aspecto foi conseguido a través da programación do Plano e a participación nos diferentes cursos.




Gráfico 19

Para rematar, preguntábase aos participantes na avaliación se consideraban necesario **ampliar a oferta formativa** (gráfico 20) do Plano de Apoio no futuro curso 2009/10. Á vista dos datos obtidos, parece que si consideran que debería ser así, xa que máis do 80% dos enquisados se mostran a favor desta ampliación.




Gráfico 20